



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN COMPARSAS ENTROIDO FISTERRA 2025

NOME DA COMPARSA	Nº DE COMPOÑENTES

DISFRACE:

REPRESENTANTE

C.I.F /D.N.I	TELÉFONO

NÚMERO DE CONTA BANCARIA

--

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD, informásemos que o CONCELLO DE FISTERRA, con CIF P1503800C e domicilio en en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) é o Responsable do Tratamento. Os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Cultura ao cal vai dirixido a presente solicitude. A finalidade do tratamento é a xestión e outorgamento de premios nos diferentes concursos convocados. A base legal para o tratamento dos seus datos está fundada no art.61 e) do RXPd: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos conferidos a este Concello". Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Fisterra co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://concellofisterra.gal/es/privacidade/>



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

BASES CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO FISTERRA 2025

En relación coa celebración do **CONCURSO DE COMPARSAS** do Entroido de Fisterra 2025 o vindeiro **martes 4 de marzo**, “**O Entroido máis tradicional da Costa da Morte**”, establécense as seguintes **bases**:

-O prazo de inscrición das comparsas participantes (16 ou máis membros), estará aberto dende o 6 ao 20 de febreiro.

A **inscrición** debe realizarse a través do procedemento de **Solicitude Xeral da Sede Electrónica do Concello de Fisterra** (<https://sede.concellofisterra.gal/sxc/gl/>), onde se entregará debidamente cuberto o **modelo de solicitude** de participación, o cal está colgado na páxina web do Concello (www.concellofisterra.gal)

Na solicitude constará: nome e enderezo do seu representante maior de idade, xunto co C.I.F/N.I.F e número de conta bancaria no que ingresar o posible premio.

-Todas as comparsas anotadas están na obriga de participar no desfile de comparsas do sábado 1 de marzo cun mínimo de 14 persoas.

Sábado 1 de marzo, concentración das comparsas na Cruz de Baixar, ás 17:00 horas, as cales percorrarán as rúas de Fisterra ata a praza da Constitución, onde se realizará o pregón do Entroido de Fisterra 2025.

A orde de desfile e actuación decidirase no sorteo da reunión previa, a cal se realizará o **venres 21 de febreiro**, ás 17:00 horas, no Concello de Fisterra.

-O xurado estará formado por persoas relacionada coa historia do Entroido de Fisterra, medios de información e persoas relacionadas co mundo da costura, estética, decoración...



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

-Os criterios de avaliación son os seguintes:

Os aspectos a puntuar serán:

- a) CALIDADE E CARACTERIZACIÓN DOS DISFRACES (confección, maquillaxe, accesorios,...) (5 PUNTOS)**
- b) POSTA EN ESCEA E ACTUACIÓN (5 PUNTOS)**
- c) PARODIA E CONTIDO DAS CANCIÓNS OU LETRAS. (5 PUNTOS)**

-A actuación contará cun tempo máximo de 30 minutos. No caso de sobrepasar o tempo, o xurado penalizará a comparsa que non cumpla as bases.

-Establécense os seguintes premios:

1º Premio.- 1.700,00 €+trofeo

2º Premio-1.400,00 €+trofeo

3º Premio-1.200,00 €+trofeo

- **Accésit de 350 €** para as comparsas que non consigan ningún premio.
- As entidades, asociación sen ánimo de lucro, aplicaráselle unha retención do 19%, correspondente ao IRPF para cumprir coas obrigas da AEAT.

-Os concursantes, polo propio feito da súa participación, aceptan en todos os seus termos, as presentes bases.

Fisterra, de de 2025

O/A REPRESENTANTE

Asdo.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

PROTECCIÓN DE DATOS: INFORMACIÓN ADICIONAL

O Responsable do tratamento dos seus datos é Concello de Fisterra, con CIF P1503800C e domicilio en rúa SANTA CATALINA,1-15155, FISTERRA (A CORUÑA) A finalidade do tratamento dos datos solicitados a través do formulario, así como outra documentación que poida ser achegada, será tratada coa finalidade **de xestionar a inscrición no concurso de disfraces Entroido 2025 e a posterior entrega de premios**. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. A base legal para o tratamento dos datos facilitados está baseada no artigo 6.1.e) do RXPDP: o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento.

Os datos dos premiados nas categorías que inclúen prestación económica serán comunicados ás entidades bancarias con obxecto de realizar o seu abono, así como á Base de Datos Nacional de Subvencións, á Axencia Estatal da Administración Tributaria e aos organismos de control. Así mesmo, coa finalidade de divulgar o concurso, procederase á difusión de imaxes (fotografías/vídeos) dos participantes e gañadores a través de perfís de redes sociais (Facebook), así como a web municipal do Concello de Fisterra. No caso das fotografías dos menores, a base de licitude estará baseada no art. 6.1 a) o consentimento expreso dos seus proxenitores ou titores legais. No resto dos participantes, o consentimento para o tratamento de fotografías dos participantes enténdese outorgado pola solicitude de participación no mesmo, o que comporta a achega de datos necesarios, tanto do participante como das persoas identificables que aparezan nas comparsas. Respecto destas, é posible entender que quen pousa voluntariamente para unha fotografía, está a outorgar implicitamente o seu consentimento ao tratamento que se efectúe da súa imaxe. A publicación en Facebook conleva realizar transferencias internacionais de datos. As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Fisterra, co enderezo arriba indicado ou a través da sede electrónica <https://sede.concellofisterra.gal> . Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@concellofisterra.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello accedendo ao seguinte enlace <https://concellofisterra.gal/es/privacidade/>

Se no exercicio dos seus dereitos non foi debidamente atendido, poderá presentar unha reclamación ante a AEPD con enderezo en : C/Jorge Juan, 6 - 28001 MADRID e sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es>